

Precisadas estas cuestións, o seguinte é investigar os réximes políticos – cantos polo seu número e cales son – e en primeiro lugar os rectos; pois entón clarificaranse as súas desviacións, cando se teñan definido. Posto que réxime político e órgano de goberno significa o mesmo, e órgano de goberno é a parte soberana das cidades, necesariamente será soberano ou un só individuo ou uns poucos ou a maioría; e cando ese un ou a minoría ou a maioría gobernan atendendo ao ben común, eses réximes serán por necesidade rectos; e os que atenden ao interese particular do individuo ou da minoría ou da maioría, desviacións.

Dos gobernos unipersoais chamamos monarquía ao que vela polo ben común; ao goberno de poucos, pero de máis de un, aristocracia; e cando a maioría goberna mirando polo ben común, recibe o nome común a todos os réximes políticos: república (politeía). Desviacións dos citados son: a tiranía, da monarquía, a oligarquía, da aristocracia e a democracia da república. A tiranía, en efecto, é unha monarquía orientada ao interese do monarca, a oligarquía, ao dos ricos e a democracia, ao interese dos pobres. Pero ningún deles presta atención ao que lle convén á comunidade.

(Aristóteles, Política)

Cuestións Texto:

1. Cal é o tema xeral que aborda o texto? Enuncia este tema a modo dun titular de prensa que puidese encabezar o texto.
2. En base ao que se desprende do texto, cal sería o significado de “soberanía”- “soberano”?
3. Se analizamos, precisamente, os réximes políticos en base a quen exerce a soberanía, cantos e cales son?
4. A que se refire Aristóteles con réximes políticos “rectos” e “desviados”? Enumera estes réximes, indicando cales son rectos e cales desviados e fai unha descrición deles en base ao texto e en base aos teus coñecementos sobre esta materia.
5. Cal é o criterio principal que emprega o autor para distinguir entre un réxime político recto e un desviado?